

Os Perucos da nosa Terra

Perucos, peruchos, peros...fritos do peruqueiro, perucheiro, pereiro. Esas pequenas peras que noutrora campaban por tódolos recunchos da nosa terra e que facían as ledicias dos máis cativos,...e dos maiores. Esas árbores que hoxe esmorecen na soidade das nosas aldeas, as poucas que van quedando. Pero velaí que un peruco ven de levar un premio, un premio que non debera de existir: "**premio á variedade en perigo de extinción**" outorgado pola Asociación Galega da Froita Autóctona do Eume "AGFA do Eume" na 1ª Feira Rural de San Sadurniño.

Trátase dun recoñecemento ó labor de conservación dunha variedade de peruqueiro nun mundo que parece esquece-las súas raíces. E posiblemente os perucos estean nas raíces, na orixe, de moitas variedades "modernas" de peras. É precisamente esa, unha das razóns polas que non podemos permitirno-lo luxo de deixalas desaparecer. Son unha fonte inmensa de variabilidade xenética aínda sen explorar: fonte de produtividade, fonte de resistencias a pragas e enfermidades, fonte de adaptación ó medio, e o que todos recordamos, fonte de sabores auténticos hoxe case esquecidos.

Os perucos existen de moitas castes e moitas veces non teñen nin nome, simplemente son perucos. Outros si que o teñen, "Perucos Migalleiros"; outras veces toman o nome do santo de cando maduren , "Perucos de San Antonio"; ou o do lugar de orixe dos mesmos, "Perucos da Serra de Outes".

En canto ás utilizacións que se lles daban eran do máis diversas: ás veces eran case que a única froita da que dispoñían o nosos labregos. Outras veces eran unha lambetada que as avoas facían para os pequenos...e non tan pequenos; na parroquia de Silobre moita xente lembra os "perucos Migalleiros" que se cocían pola Noiteboa. Tamén se vendían nos mercados das vilas e cidades para logo ser cocidos en almíbar ou confitados, unha "delicatessen" que chamarían hoxe. Non faltaba tampouco quen llos daba ós animais como alimento, era tal a produtividade destas árbores. E incluso nalgúns sitios quedan perucos de variedades especiais para face-la sidra de peras.

Pero hoxe cada día quedan menos, hai quen di que "son moi pequenos", outros que "manchan moito", outros nin desculpa teñen para cortalos, será que non son modernos...Da variedade de peruco gañador deste premio non se coñecen moitas árbores, a AGFA do Eume ten referencias de unha na parroquia de Lamas, e outra en **Silvalonga**, a que se presentou a concurso. Con outras variedades pasa o mesmo.

As posibilidades dos nosos pobres perucos son enormes hoxe en día, só falta quen os quite do esquecemento e argalle novas ideas e novas técnicas para o seu consumo adaptadas ós novos tempos, como xa están facendo algúns propietarios de hortas que conservaron as árbores, algunha asociación empeñada en recuperalas, o Concello de San Sadurniño apostando pola recuperación do Medio Rural, algún viveiro empeñado en propagalas e algunha empresa transformadora utilizando os seus froitos para reinstaurarlles o valor que merecen.

Ramiro Javier Martínez Picos
Vicepresidente da AGFA do Eume

